

## INFORME-PROPOSTA

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO “TI@ EMPRENDES” (EXP. 349-299226), COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (91,89 %) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL (AXUDAS EMP-POEJ).**

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Dentro das competencias propias que atribúe a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80 de 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local aos concellos, contéplase no seu artigo 25.2.ñ), a “promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións”.

A Lei 7/1985 recolle no seu artigo 31.2.a) que as Deputacións teñen como fins propios e específicos “asegurar a prestación integral e adecuada, na totalidade do territorio provincial, dos servizos de competencia municipal”. Asemade, dita lei atribúe como competencia propia das Deputacións no seu artigo 36.1.d), a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

**Segundo.-** En data 06/10/2018 se publicouse no B.O.E. o Real Decreto 1234/2018, de 5 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión directa de subvencións a Entidades locais para o financiamento de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación, no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (axudas EMP-POEJ).

**Terceiro.-** Dentro deste marco competencial, mediante Resolución Presidencial número 2019007379 de data 24/04/2019, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas baixo o proxecto denominado “TI@ EMPRENDES”, dentro da medida 8.2.3.1. “Formación para o emprendemento e promoción da cultura emprendedora” establecida no Real Decreto 1234/2018 no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (axudas EMP-POEJ).



**Cuarto.-** O obxecto do proxecto denominado "TI@ EMPRENDES" é apoiar proxectos que aumenten a empregabilidade e o emprendemento da xuventude que habite ou vaia habitar en municipios cunha poboación inferior ou igual a 5.000 habitantes; ou entre os 5.001 e os 10.000 habitantes sempre que estes últimos presenten un saldo demográfico negativo na última década. En concreto son 31 os Concellos que compren esta condición: A Illa de Arousa, Meañó, Meis, Portas, Pontecesures, Catoira, Cuntis, Valga, Forcarei, Silleda, Agolada, Dozón, Rodeiro, Vila de Cruces, Barro, Moraña, Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Mondariz, Mondariz-Balneario, Covelo, As Neves, Arbo, A Cañiza, Crecente, Oia e O Rosal.

Para alcanzar o obxectivo, as actuacións que contempla o proxecto "TI@ EMPRENDES" son:

- Realización de 26 accións formativas de temática relacionada coas Novas Tecnoloxías e as TIC.
- En número de beneficiarios das accións formativas se estima en 390 persoas novas; maiores de 16 anos e menores de 30 anos, incluídas as persoas con discapacidade, non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación, que ó mesmo tempo estean inscritas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

En cuanto ó orzamento inicial do proxecto presentado ascendía a 702.975,00 euros: a financiar nun 91,89 % resultando a cantidade de 645.963,73 euros polo Fondo Social Europeo mediante a axuda solicitada ó abeiro do Real Decreto 1234/2018 (EMP POEJ). A cantidade restante correspondente ó 8,11%, resultando a cantidade de 57.011,27 euros, será financiada con cargo a fondos propios da Deputación de Pontevedra.

**Quinto.-** En data 30/04/2019-15:08 horas presentouse a través da sede electrónica das Administracións Públicas, cuxa URL é <https://sede.administracionespublicas.gob.es/procedimientos/portada/idp/349> a solicitude de axuda, asignándose o número de Expediente 349-299226.

**Sexto.-** En data 07/06/2019 e número de entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra 2019031049 recíbese RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, dependente do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, pola que se resolve FAVORABLEMENTE conceder á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, CIF: P3600000H, unha axuda do Fondo Social Europeo, no ámbito da Garantía Xuvenil para o financiamento de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, dirixidos a afrontar o reto



demográfico nos municipios de menor poboación (axudas EMP-POEJ), para o cofinanciamento do proxecto "TI@ EMPRENDES" (349-299226) enmarcado na medida de actuación 8.2.3.1. Formación.

**Sétimo.**- A resolución concédelle á Deputación unha axuda polo importe solicitado, 645.963,73 euros (91,89% do gasto total subvencionable), para un orzamento total de 702.975,00 euros, que se completa con fondos propios da Deputación por importe de 57.011,27 euros. Mediante a oportuna resolución aprobarase a aceptación expresa da axuda no prazo establecido na concesión, así como a aceptación das súas condicións. Establécese un prazo máximo de execución de 24 meses, a contar dende a data de solicitude da axuda, 30 de abril de 2019, debendo presentar a xustificación da liquidación do proxecto dentro dos 2 meses seguintes á finalización real. Asemade, co obxecto de cumprir coa regra de descompromiso automático ou regra n+3 establecida no artigo 136.1 do Regulamento UE nº 1303/2013 de 17 de decembro, para o Programa Operativo de Emprego Xuvenil, as Entidades terán en conta á hora de presentar solicitudes de reembolso, as seguintes datas e porcentaxes previstas na senda financeira:

Fecha de certificación de gastos al OI	30/06/2020	30/06/2021	Resto <sup>(1)</sup>
Porcentaje mínimo de gasto a certificar	42%	20%	38%

<sup>(1)</sup> Resto: Importe restante del gasto a certificar hasta el plazo de justificación de la ayuda.

Á vista de todo o anterior, fórmulase unha proposta de distribución do gasto, que se desagrega por anualidades conforme á seguinte táboa:

	2019	2020	2021	Total
Fondos propios Deputación de Pontevedra	28.505,64 €	17.103,38 €	11.402,25 €	57.011,27 €
FSE	322.981,87 €	193.789,12 €	129.192,75 €	645.963,73 €
<b>Total</b>	<b>351.487,50 €</b>	<b>210.892,50 €</b>	<b>140.595,00 €</b>	<b>702.975,00 €</b>

**Oitavo.**- Finalmente a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 21 de xuño de 2019 adoptou, entre outros, o acordo num. 7.28042 no que se aprobou o proxecto **TI@ EMPRENDES** (código: 349-299226) enmarcado na medida de actuación 8.2.3.1. Formación; cun orzamento total de 702.975,00 € cofinanciado polo FSE, dos cales 645.963,73 € (91,89%) serán achegas do Fondo Social Europeo e 57.001,27 (8,11%) da Deputación de Pontevedra.



**Noveno.-** Con data 3 de maio do 2021, o servizo de Cooperación cos Municipios informa de que as accións formativas correspondentes ós lotes 2, 3, 5, e 11, non alcanzaron o número mínimo de 15 persoas, necesario para poder desenvolver ditas actividades.

Polo exposto, propuxo a resolución dos contratos correspondentes aos referidos lotes 2, 3, 5, e 11.

En base ó anteriormente exposto, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 4 de xuño de 2021, adoptou o acordo 14.30379.- **inicio do procedemento de resolución dos contratos** correspondentes aos lotes 2, 3, 5 e 11 do Servizo de Formación no marco do proxecto **TI@ EMPRENDES** cofinanciado polo FSE no marco do Proxecto de Emprego Xuvenil axudas EM-POEJ. (Expte. 2020008068).

**Décimo.-** As persoas destinatarias finais das actividades subvencionables do proxecto son as persoas mozas, maiores de 16 anos e menores de 30 anos, incluídas as persoas con discapacidade, non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación, independentemente do nivel formativo e que estean inscritas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do FSE

Polo que respecta a finalidade deste proxecto é a realización de actividades formativas constituíntes á mellora da formación e a empregabilidade das persoas participantes. Estes itinerarios están constituídos polos seguintes módulos.

- Formación específica en materias concretas propias de cada zona
- Formación específica en autoemprego e/ou creación de empresas.
- Titorías e orientación para a inserción profesional

**Décimo primeiro.-** O servizo de formación licitado consta de 4 itinerarios formativos que se dividen en 7 accións formativas (debido a que hai itinerarios dos que se realizarán varias edicións) con 15 persoas beneficiarias para cada unha delas, sumando un total de 105 participantes. Para a realización destas accións formativas, o Servizo de Cooperación cos municipios non dispón de aulas segundo as especificacións de cada acción formativa nas localidades expostas no proxecto, así como da inexistencia de persoal suficiente con perfís concretos e acreditados para este tipo de accións formativas, vese na obriga a solicitar a contratación deste servizo de formación e de dividilo nos lotes que se indican na táboa seguinte:



LOTE	ITINERARIO FORMATIVO	Nº EDICIONES	Nº HORAS	IMPORTE HORA/ALUMNO-A	IMPORTE UNITARIO	IMPORTE TOTAL EDICIONES
1	Competencias digitales en ofimática	2	125	7,21 €	13.518,75 €	27.037,50 €
2	Marketing digital:	1	125	7,21 €	13.518,75 €	13.518,75 €
3	Community manager	2	125	7,21 €	13.518,75 €	27.037,50 €
4	Operario de gestión logística digital de almacén (con módulo de carretillero)	2	125	7,21 €	13.518,75 €	27.037,50 €

**Décimo segundo.-** Para a correcta execución e cumprimento de obxectivos é necesario a contratación dun servizo de formación que cumpra os seguintes requisitos:

- ✓ Os itinerarios formativos atenderán ás dificultades engadidas que presentan as persoas mozas, inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e que residan nos concellos indicados, en función da súa bagaxe formativa e social.
- ✓ A empresa deberá contratar un seguro de accidentes e responsabilidade civil para cubrir aos participantes das accións formativas durante o prazo de duración das mesmas.
- ✓ A empresa adjudicataria desenvolverá ás accións formativas indicadas en cada lote en modalidade presencial, en aula virtual ou en modalidade mixta.
- ✓ Os itinerarios contemplan formación específica en materias concretas propias de cada zona, formación específica en autoemprego e/ou creación de empresas.
- ✓ Á finalización de cada unha das sesións de formación recompilarase a información que permita rexistrar o control de asistencia das persoas participantes no programa. As ausencias do día enteiro deberanse poñer en coñecemento do persoal técnico da Deputación de Pontevedra nun máximo de 24 horas.
- ✓ Para garantir a mellora continua da formación, unha vez finalizada realizaranse enquisas de satisfacción tanto ao persoal docente como ás persoas beneficiarias finais.
- ✓ Toda a información rexistros e documentos relativa a esta fase de formación será propiedade da Deputación de Pontevedra e será facilitada á mesma para o seu tratamento e poder medir os indicadores establecidos.



**Décimo terceiro.-** Para a correcta execución e cumprimento de obxectivos é necesario a contratación dun servizo de formación que cumpra os seguintes requisitos:

### **DESAGREGACIÓN DE CUSTOS**

O custo por persoa formada e hora de formación é de **7,21€**, resultando un custo por acción formativa de **13.518,75 €** (7,21€ x 125 horas de duración x 15 persoas participantes).

Destro do custo por persoa formada e hora de formación inclúese:

- Custos de persoal docente
- Custos derivados do aluguer e mantementos de locais nos casos en que proceda
- Material didáctico
- Material prácticas
- Material de oficina
- Xestión e desenvolvemento do proxecto
- Póliza de seguro por participante

Como referencia dos custes aplicables a proxectos de formación equiparables a TI@ EMPRENDES atopámonos cos establecido no artigo 37.1 da Orde ESS/1897/2013, de 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade onde se indica "**Os módulos económicos máximos (custo por participante e hora de formación) aplicables nas accións formativas dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade que se impartan dentro do subsistema de formación profesional para o emprego serán de 8 euros na modalidade presencial e de 5 euros na modalidade de teleformación. Estes módulos aplicaranse en función das horas de formación presencial ou teleformación que teña a acción formativa.**".

### **NORMATIVA APLICABLE**

Pola contía, así como polas especificacións técnicas da contratación, esta realizarase mediante procedemento aberto para contratos de servizos, segundo o artigo 17 da lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos del Sector Público. O artigo 22 da lei, no punto c) do apartado 1, remítenos ó anexo IV onde se especifican os servizos especiais, como o deste contrato, en "Servizos de Ensino e Formación" con código CPV: 80000000-4



O proxecto TI@ EMPRENDES rexese polo disposto na seguinte normativa e naquela que a desenvolva:

- a) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- b) Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- c) Con carácter supletorio, os procedementos de concesión e de control das subvencións regulados na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- d) Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.
- e) Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e Decreto legislativo 2/15, de 22 de febreiro, de igualdade de Galicia.
- f) Real Decreto 1617/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.
- g) Regulamento (UE) 1304 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013 relativo ao Fondo Social Europeo.
- h) Real Decreto 304/2014 que aproba o regulamento da Lei 10/ de Prevención de Branqueo de Capitais.
- i) Con carácter supletorio a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- j) Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- k) Real Decreto 1234/2018 de 5 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a contratación directa de subvencións a entidades locais para a financiación de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, dirixidos a afrontar o reto demográfico de menor poboación, no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (axudas EMP-POEJ)
- l) Resolución de 26 de agosto de 2019 pola que se aproban as Instrucións para a aplicación e desenvolvemento da convocatoria de axudas do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (axudas EMP-POEJ).



## PROPOSTA

Por todo o anteriormente exposto, e ante a imposibilidade de que persoal desta Deputación Provincial poida realizar as anteditas actividades **SOLICÍTASE** a incoación do pertinente expediente de contratación para o que se presenta o documento adxunto: Prego de prescricións técnicas que rexerán o procedemento aberto para a **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO "TI@ EMPRENDES" (EXP. 349-299226), COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (91,89 %) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL (AXUDAS EMP-POEJ).**

A maiores, e con carácter previo, **SOLICÍTASE** ao Servizo de Intervención, **Informe de Fiscalización Previa e Documento RC** para a posterior contratación do referido servizo por un importe de **94.631,25 €** con cargo a aplicación orzamentaria **21/942.2410.227.06.2019. Estudio e traballos técnicos (TI@ EMPRENDES)**, axustado aos prezos de mercado, á convocatoria do proxecto e á normativa vixente.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo

(documento asinado electronicamente na marxe)

## CONTRATACION

CONFORME

A Deputada Delegada

Iria Lamas Salgueiro



MPN/japs

## SERVIZO DE COOPERACIÓN

**NÚMERO DE EXPEDIENTE:** 2021037627

**LÍNEA DE AYUDA:** Programa Operativo de Empleo Juvenil del Fondo Social Europeo (ayudas EMP-POEJ): Proyecto TI© EMPRENDES (349-299226).

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN DEL SERVICIO DE FORMACIÓN EN EL MARCO DEL PROYECTO “TI© EMPRENDES” (EXP. 349-299226), COFINANCIADO POR EL FONDO SOCIAL EUROPEO (91,89 %) EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO DE EMPLEO JUVENIL (AYUDAS EMP-POEJ).

## INFORME-COMPLEMENTARIO

### ANTECEDENTES

Con fecha de 15 de julio de 2021, la jefa del servicio de Cooperación emite informe propuesta, con el visto bueno de la diputada delegada de Transición Ecológica y Medio Ambiente, Arquitectura y Proyectos Europeos, para incoar el expediente de contratación del servicio de formación en el marco del proyecto “TI© EMPRENDES” (349-299226), cofinanciado por el Fondo Social Europeo (91,89 %) en el marco del programa operativo de empleo juvenil (ayudas EMP-POEJ), para el cual es necesario formular la siguiente

### ACLARACIÓN

- En lazo de ejecución del citado proyecto, en fecha 16/10/2020 y registro de entrada 2020022753 se recibe la Resolución de 5 de octubre de 2020, de la Dirección General de Cooperación Autonómica y Local, por la que se adoptan medidas para hacer frente al impacto de la crisis sanitaria provocada por el COVID-19 en la ejecución de los proyectos financiados por la convocatoria de ayudas del Programa Operativo de Empleo Juvenil del Fondo Social Europeo (ayudas EMP-POEJ). En punto “TERCERO: Modificación del documento en el que se establecen las condiciones de ayuda (DECA)” se indica que el apartado dedicado al calendario de ejecución, queda redactado como sigue: “*Calendario de ejecución. Sin perjuicio de lo dispuesto en el apartado tercero de la resolución de concesión de la ayuda, las entidades beneficiarias tendrán de plazo para la ejecución de las actividades subvencionables hasta el 31 de diciembre de 2022. Cuando existan causas excepcionales que impidan finalizar la ejecución del proyecto en tal plazo, las entidades podrán solicitar su ampliación con una antelación mínima de 15 días a su vencimiento. Las ampliaciones de plazo que en su caso se pudieran conceder, en ningún caso podrán exceder del 31 de marzo de 2023. No obstante, la ayuda queda condicionada al cumplimiento de los compromisos que rigen el marco financiero de los Fondos europeos y en particular, al establecido en el artículo 136 del Reglamento (UE) 1303/2013, de 17 de diciembre.*”
- En cuanto a la resolución de los lotes por mutuo acuerdo, La Junta de Gobierno de esta Diputación Provincial en su sesión común del día 16 de julio de 2021, adoptó el acuerdo número 20.30579 de resolución de los contratos correspondientes los lotes números, 2, 3, 5 y 11 del “servicio de formación en el marco del proyecto “Tic Emprendes”, cofinanciado por el FSE en el marco del proyecto de Empleo Juvenil ayudas EMP- POEJ”. (Expte.2020008068).

Pontevedra, en la fecha de la firma electrónica

La jefa del servicio de Cooperación

(Documento firmado electrónicamente en el margen)

Marina Piñeiro Novo

**(Documento firmado electrónicamente al margen)**

